

# BICOS

# E NON

# BALAS



**Adriana, Gael e Alba**

A pomba da paz estaba cansa de falar inutilmente cos homes.  
Falaba de dereitos, de comprensión, de seres diferentes, de lugares sans e bonos.  
As súas verbas esnafrábanse arreo contra un muro de pedra construído polos homes.  
Un muro de pedra, si, pero tamén de silencios, de inmundicia, de pólvora.  
A pomba da paz estaba cansa de dicir sempre as mesmas consignas e escoitar sempre os mesmos desprezos.  
E cando perdeu a esperanza e decidiu converterse simplemente en pomba sen máis, viu un rapaz subido a unha escada que lle sorría facéndolle acenos coa man.  
Neste intre chegou á conclusión de que tería que seguir baténdose contra ese muro erguido polos homes.

Pombiña que escribes  
co peteiro *paz*,  
debuxa no ceo  
as algas do mar.  
Escribe un poema  
cos versos de sal  
e cóntalle ao vento  
historias do val.  
Pombiña que escribes  
co peteiro *paz*,  
rebole algareira  
aquí no pombal!

O equipo cooperativo  
“The Thunders”  
recita un dos poemas do  
fermoso poemario  
***Bicos e non balas***  
de Antonio García Teijeiro,  
ilustrado por Bea Gregores.

